

A N U N C I O

Transcurrido o prazo de trinta días hábiles dende a publicación no B.O. da Provincia nº 153 de data 09 de agosto de 2012 do anuncio relativo a aprobación inicial da "Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial da Vía Pública con Postos, Barracas, Casetas de Vendas, Espectáculos, Atraccións ou Recreo, Industrias nas rúas e Ambulantes, así como rodaxes cinematográficas e eventos ou actividades con fin cultural e gravacións con proveito comercial ou publicitario"; e unha vez resoltas as alegacións presentadas polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 27 de setembro de 2012, procedéndose, de conformidade co determinado no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, a súa publicación íntegra, que é do tener literal seguinte:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON POSTOS, BARRACAS, CASSETAS DE VENDAS, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓNS OU RECREO, INDUSTRIAS NAS RÚAS E AMBULANTES, ASÍ COMO RODAXES CINEMATOGRÁFICAS E EVENTOS OU ACTIVIDADES CON FIN CULTURAL E GRAVACIÓNS CON PROVEITO COMERCIAL OU PUBLICITARIO

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 57 e demais concordantes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por RD Legislativo 2/2004, de 5 de Marzo, este Concello establece a taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local mediante a instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, industrias nas rúas e ambulantes, así como rodaxes cinematográficas e eventos ou actividades con fin cultural e gravacións con proveito comercial ou publicitario, que se rexerá polas normas contidas para os efectos na citada lexislación; no atente a venda ambulante, pola Lei 13/2010, de 17 de Decembro de Comercio Interior de Galicia; así como, en xeral, pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 1. NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local con ocasión da instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, industrias nas rúas e ambulantes, así como rodaxes cinematográficas e eventos ou actividades con fin cultural e gravacións con proveito comercial ou publicitario

Somentes poderán implantarse o longo do ao ano, postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, industrias nas rúas e ambulantes, nos seguintes días

1.1 DÍAS DE MERCADILLO PERIÓDICO (FEIRA TRADICIONAL)

Son días nos que se celebra con carácter periódico os mercadillos periódicos (feiras tradicionais) e corresponden ás seguintes datas:

- a) Feira de Bandeira (días 14 e 29 de cada mes);
- b) Feira de Silleda (días 6 e 23 de cada mes);
- c) Igualmente, mentres non se celebre a feira de Silleda, poderanse instalar postos os dous martes do mes mais próximos ao día 6 e ao día 23, exceptuándose neste casos os polbeiros con recoñecemento de "posto tradicional" que poderán instalarse nos lugares e días de costume.

1.2 DÍAS DE FESTAS OU EVENTOS ESPECIAIS

Corresponden a días e festa patronais, parroquiais, gastronómicas ou de calquera índole, nas que o Concello patrocine, organice ou simplemente colabore.

Excepcionalmente permitiranse a súa instalación para algún evento puntual, como os mercadillos sectoriais, eventos feirais ou actividades municipais, previa autorización municipal.

As rodaxes cinematográficas e eventos ou actividades con fin cultural e gravacións con proveito comercial ou publicitario poderanse desenvolver en calquera momento do ano. Estas actividades terán unha cuota tributaria específica para elas.

ARTIGO 2. SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria beneficiarias da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local que constitúe afeito impositivo, con independencia de que obteñan ou non a correspondente licenza.

Responderán como responsables os recollidos no Título II, Capítulo II, Sección III da Ley Xeneral Tributaria

ARTIGO 3. COTA TRIBUTARIA

3.1. Para postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, industrias nas rúas e ambulantes, a cuota tributaria será o resultado e aplicar o seguinte cadro e tarifas, por día de ocupación da vía pública:

3.1.1 Días de mercadillo periódico (Feiras tradicionais)

- Pola ocupación. Taxa única por día:

Postos con anchos < 3.50 m	1.00 €/ml
Postos con anchos >= 3.50 m	1.00 €/m ²

3.1.2 Días de Festas ou eventos especiais

- Pola ocupación ata 5 m ² e día, tarifa mínima	8,20 €
- Pola ocupación de 5 a 8 m ² , por m ² e día	3,40 €
-Pola ocupación de máis de 8/m ² , por m ² e día	5,44 €

Tódolos postos que teñan a consideración de "posto tradicional" tributarán en todo caso segundo o artigo 3.1.1.

As polbeiras que non teñan consideración de "posto tradicional", segundo a ordenanza reguladora do comercio ambulante do Concello de Silleda tributarán en todo caso, segundo o artigo 3.1.2.

Asemesmo toda-las polbeiras xa sexan das consideradas como posto tradicional como as que non, tributarán por un espazo mínimo de nove metros cadrados, aínda que a superficie ocupada sexa inferior.

Non queda suxeito a taxa por ocupación de vía pública o espazo que ocupe, no seu caso, o vehículo utilizado para a actividade comercial, a condición de que se limite a transportar mercancía e a estrutura do posto, sen que sirva tamén para exercer a venda.

3.2. Para venda ambulante en vehículos con carácter itinerante a cuota tributaria será o resultado e aplicar o seguinte cadro e tarifas, por día

3.2.1. Comercio itinerante

- Taxa única por día	15,00 €
----------------------	---------

3.2.2. Comercio itinerante tradicional

- Taxa única anual	100 €
--------------------	-------

3.3. Para a celebración de espectáculos públicos, así como rodaxes cinematográficas, eventos ou actividades con fin cultural e gravacións con proveito comercial ou publicitario, a cuota tributaria será o resultado e aplicar o seguinte cadro e tarifas, por día de ocupación da vía pública, agás que haxa un colaboración municipal ou se traten de actos de interese para o propio Concello de Silleda:

3.3.1. Actividades con uso e carácter cultural	0,30 € m ² /día
3.3.2. Actividades con carácter e proveito comercial ou publicitario	0.60 € m ² /día

Devengarase somentes un máximo de once días por mes de utilización.

ARTIGO 4. BENEFICIOS FISCAIS

Na aplicación da presente ordenanza non se recoñecerá exencións nin bonificacións, fóra daquelas que veñan récollidas en normas con rango de lei ou se deriven da aplicación dos Tratados Internacionais.

ARTIGO 5. DEVENGO

A taxa devengarase no momento de solicitar a ocupación da vía pública para algún dos aproveitamentos regulados nesta ordenanza.

ARTIGO 6. XESTIÓN

1.— Solicitarase a ocupación de vía pública, antes da efectiva instalación de postes, barracas, casetas de venda, espectáculos, atracción ou recreo, industrias nas rúas e ambulantes, así como para postos de polbeiras ubicados segundo o definido no artigo. 1. Poderá ser de dous tipos:

1.A. EN MERCADILLOS PERIÓDICOS (FEIRAS TRADICIONAIS)

Cando se solicite un posto nos mercadillos periódicos, a taxa aboarase por ano o fracción mínima de un mese, e autorizarase para todas as feiras e mercados sinaladas na solicitude.

1.B. EN DÍAS DE FESTAS E EVENTOS ESPECIAIS

Cando se trate de aproveitamentos por postos de carácter illado situados na rúa, a taxa liquidarase no momento da solicitude, condición indispensable para que a autorización sexa concedida.

Se como resultado dos informes dos técnicos a instalación non poda facerse no lugar solicitado se lle presentará unha ubicación alternativa e de non aceptala se lle reembolsará os cartos depositados.

As tarifas establecidas serán aplicadas integramente ás ocupacións solicitadas ou realizadas, sen prexuízo de que de acordo á normativa vixente incóese o oportuno expediente sancionador polos aproveitamentos que excedan das correspondentes autorizacións.

2.— Solicitarase a autorización para a venta itinerante con 24 horas de antelación antes do efectivo inicio da actividade. No caso da venta itinerante tradicional, é preciso realizar a solicitude unha vez o ano que se renovará tacitamente logo de ter aboado a taxa correspondente.

3.— Solicitarase a ocupación de vía pública con 48 horas de antelación antes da efectiva celebración de espectáculos públicos, así como rodaxes cinematográficas, eventos ou actividades con fin cultural e gravacións con proveito comercial ou publicitario.

Como norma xeral, cando exista concorrencia na oferta, a cota tributaria poderá determinarse polo sistema de licitación. Neste caso, o importe da taxa virá determinado polo importe da proposición económica que sirva de base para a adxudicación e os criterios establecidos na ordenanza de venta ambulante o seu artigo 9. Os tipos de licitación respectarán, en todo caso, as tarifas sinaladas no apartado anterior, podendo ser superiores.

En todo caso o pago realizarase no momento de solicitar a autorización mediante ingreso na tesourería municipal na conta corrente designada ao efecto, salvo que se acuda a unha adxudicación polo sistema de licitación, que se aboará no momento do remate da poxa.

ARTIGO 7. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

No relativo á cualificación de infraccións e imposición de sancións, estarase ao disposto pola Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeneral Tributaria e ás súas disposicións de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derogada a anterior ordenanza fiscal no relativo ás materias reguladas na presente ordenanza.

*DISPOSICIÓN FINAL*

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor e comezará a aplicarse a partir do día seguinte ao da publicación da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Silleda, a 1 de outubro de 2012.—A Alcaldesa, Paula Fernández Pena.

2012009292

A N U N C I O*Corrección de erros*

Apreciado erros nos datos do anuncio publicado no BOP número 188 de data 28 de setembro de 2012, correspondente a aprobación definitiva da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVIZO DA ESCOLA DE MUSICA MUNICIPAL DE SILLEDA corríxese o seguinte:

Onde dí:

“DISPOSICIÓN DEROGATORIA:

Quedan derogadas cantas disposicións municipais de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido nesta Ordenanza.”

Debe decir:

“DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Coa entrada en vigor da presente ordenanza quedan derogadas todas as anteriores ordenanzas municipais reguladoras de esta materia.”

Silleda, a 1 de outubro de 2012.—A Alcaldesa, Paula Fernández Pena.

2012009291

A N U N C I O*Corrección de erros*

Apreciado erros nos datos do anuncio publicado no BOP número 188 de data 28 de setembro de 2012, correspondente a aprobación definitiva da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO PROGRAMA LÚDICO EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS DE ENSINO FORA DO HORARIO LECTIVO corríxese o seguinte:

Onde dí:

“DISPOSICIÓN DEROGATORIA:

Quedan derogadas cantas disposicións municipais de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido nesta Ordenanza.”

Debe decir:

“DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Coa entrada en vigor da presente ordenanza quedan derogadas todas as anteriores ordenanzas municipais reguladoras de esta materia.”

Silleda, a 1 de outubro de 2012.—A Alcaldesa, Paula Fernández Pena.

2012009290